



Concello da Capela

Declaración responsable ou comunicación para cacharelas de San Xoán e San Pedro

Datos do interesado

Tipo de persoa (Física/Xurídica)	NIF/CIF

Nome	Primeiro apelido	Segundo Apelido

Datos do representante

Tipo de persoa (Física/Xurídica)	NIF/CIF

Nome	Primeiro apelido	Segundo Apelido

Datos a efectos de notificacións

Medio de notificación		E-mail			Móbil	
País		Provincia	Municipio		Código postal	
Tipo de vía	Enderezo		Número	Planta	Porta	Extra

Expón

Que desexando realizar unha fogueira para conmemorar a festividade de

☐ San Xoán

☐ San Pedro



Concello da Capela

Que vai a situar en:

Lugar	
Hora de inicio	
Medios de extinción propios	
Dimensións da fogueira	

Solicita

Se teña por presentada esta comunicación e, así mesmo, DECLARO que fun informado das normas para as fogueiras de San Xoán e San Pedro, facéndome responsable do seu cumprimento.

Consentimento e deber de informar aos interesados sobre protección de datos

☐ Fun informado de que esta Entidade vai tratar os datos achegados e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Concello da Capela
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento de Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no seguinte enderezo https://concellodacapela.sedelectronica.gal/privacy

Firma

☐ PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos da persoa solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interpoerables



Concello da Capela

Sinatura

--

Lugar	
Data	

INFORMACIÓN NORMAS PARA A REALIZACIÓN DAS FOGUEIRAS

- O interesado que organice o evento deberá coidar de ter limpo de malezas e restollos ou calquera outro material combustible, como mínimo nun radio de 5 metros arredor da fogueira, e contar con medios de extinción do lume axeitados e dispoñibles de xeito inmediato para o caso de que fose necesario. Igualmente deberá coñecer o número de teléfono dos **Bombeiros (080) e o de Emerxencias (112)**.
- Porase especial coidado en situar a fogueira alonxada como mínimo 50 metros das vivendas, vehículos, instalacións, locais, masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas, etc...; asemade non se situará baixo tendidos eléctricos ou telefónicos e, en todo caso, estará en zonas libres de combustibles ou produtos inflamables.
- Deberase respectar unha distancia mínima entre fogueiras de 100 metros. En ningún caso a fogueira poderá superar os 4 metros de altura e 3 metros de diámetro, ocupar terreo ou espazo público nin entorpecer os vials de acceso e circulación da zona.
- Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites e en xeral calquera sustancia que ao arder desprenda fume tóxico, sen que se permita o uso de gasolinas ou acelerantes similares para o inicio ou mantemento do lume.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- A fogueira permanecerá vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga e asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira, esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- Non se permitirán as fogueiras en espazos naturais protexidos nin no solo forestal e no solo de influencia forestal.



Concello da Capela

— En todo caso, a responsabilidade dos danos causados tanto na súa propiedade como na de outros, incluído o dominio público, será exclusiva do solicitante.